



## **INFORME DA SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 78/2018, DO 26 DE XULLO, POLO QUE SE REGULA A COMPOSICIÓN E O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN GALEGA DE PREVENCIÓN E REPRESIÓN DA DOPAXE.**

En cumprimento do disposto no artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, respecto do *proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 78/2018, do 26 de xullo, polo que se regula a composición e o funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe*, esta Secretaría Xeral emite o preceptivo

### INFORME

#### **1.- Marco normativo**

O Estatuto de autonomía de Galicia aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 27.22, atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia da promoción do deporte e axeitada utilización do ocio.

Ao abeiro desta competencia aprobouse a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte en Galicia, que ten por obxecto a promoción e a coordinación do deporte na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a ordenación do seu réxime xurídico e a súa organización institucional, de acordo coas competencias que o Estatuto de autonomía e o resto do ordenamento xurídico lle atribúen á Comunidade Autónoma de Galicia. A devandita norma recolle no artigo 5, entre as competencias da Administración autonómica, a de “establecer unha política activa de protección da saúde do deportista, de loita contra a dopaxe no deporte e de transmisión e represión das conductas violentas ou contrarias á boa orde social”.

O Título VIII da Lei 3/2012, do 2 de abril, regula a actuación autonómica en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte, e no seu artigo 130 configura a Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, como un órgano administrativo, adscrito ao órgano autonómico competente en materia deportiva, ao que se lle atribúen as competencias en materia de defensa da saúde do deportista e de prevención e control da dopaxe no ámbito da Comunidade Autónoma, establecéndose nese mesmo artigo as súas funcións. Así mesmo, o citado artigo remite a un ulterior desenvolvemento regulamentario a composición e funcionamento da dita comisión.





As funcións da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe foron obxecto de modificación pola Lei 3/2018, de Medidas, do 26 de decembro, que no seu artigo 41 modifica os artigos 130.2.i artigo 133 da Lei 3/2012.

A nivel estatal ditouse a Lei Orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva. Co fin de incorporar as modificacións necesarias para a súa adaptación ás modificacións introducidas no Código Mundial Antidopaxe, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2015, ditouse o Real Decreto Lei 3/2017, do 17 de febreiro, polo que se modifica a Lei Orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva.

Recoñécese na antedita Lei Orgánica 3/2013, do 20 de xuño, a existencia de competencias autonómicas en materia de loita contra a dopaxe dos deportistas con licencia deportiva de ámbito autonómico ou en competicións de competencia autonómica, establecéndose que, en todo caso, a formulación das súas políticas debe realizarse no marco dos compromisos internacionais asumidos por España e nos tratados e convenios que sexan de aplicación en España.

A nivel internacional, a Convención Internacional contra a Dopaxe no Deporte (BOE 16 de febreiro de 2007) establece o compromiso de respectar o Código Mundial Antidopaxe, elaborado pola Axencia Mundial Antidopaxe, cuxa última versión actualizada entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2015.

Ao abeiro do anterior, a Comunidade Autónoma de Galicia regulou a través do Decreto 78/2018, do 26 de xullo, a composición e o funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe.

## **2. Necesidade, acerto e oportunidade**

Actualmente a Comisión está integrada por unha presidencia, unha vicepresidencia e trece vogalías. As distintas vogalías representan aos órganos superiores da Administración autonómica competentes en materia de saúde pública e de educación, aos axentes da actividade deportiva (árbitro ou xuíz/xuíza, representación das federacións deportivas galegas e deportista federado), ás corporacións de Dereito Público representativas de profesións relacionadas coas materias de competencia da comisión (Consello de Colexios de Médicos de Galicia, Colexio Oficial ou Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia, Colexio Oficial ou Colexios Oficiais de Químicos de Galicia, Colexio Oficial ou Colexios Oficiais de Enfermería de Galicia), en representación





das Facultades de Ciencias da Actividade Física e do Deporte e dúas persoas de recoñecido prestixio nos ámbitos científico-técnico, deportivo, médico ou xurídico.

Respectando o marco normativo, a regulación prevista neste proxecto responde á necesidade modificar a composición da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, regulada polo Decreto 78/2018, do 26 de xullo, para que estea dotada dos instrumentos óptimos para o desenvolvemento das súas funcións. Con esta finalidade, a modificación proposta engade entre as vogalías da Comisión a unha persoa en representación do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia (COLEF Galicia), tendo en conta que resultan unha peza fundamental en canto ás funcións atribuídas á mesma, principalmente as relativas a propoñer programas e actuacións ao obxecto de promover e procurar que a actividade deportiva realícese en condicións adecuadas de salubridade e seguridade, así como a promover accións formativas e informativas con respecto aos valores da práctica deportiva sobre a saúde, de xeito que se incorpore a experiencia e a visión dun colectivo fundamental á hora da proposta de iniciativas, medidas e actuacións nas competencias da Comisión.

### 3.- Contido

Con respecto á súa estrutura, o proxecto decreto conta cun único artigo, polo que se modifica o artigo 4, do Decreto 78/2018, do 26 de xullo, engadindo á composición da Comisión Galega de Control da Violencia unha vogalía, que corresponderá a unha persoa en representación do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia (COLEF Galicia), por proposta de dito Colexio.

Conta con dúas disposicións derradeiras, de habilitación normativa e entrada en vigor.

### 4.- Tramitación e procedemento

A tramitación do proxecto realizouse de conformidade co establecido no Título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Consta no expediente a documentación xustificativa dos seguintes trámites:

- Certificado trámite consulta pública previa 31/07/2019
- Acordo de inicio do 31/07/2019
- Memoria xustificativa do 31/07/2019





- Memoria económica - financeira do 31/07/2019
- Táboa de vixencias do 31/07/2019
- Informe do Servizo de Apoio Técnico, do 05/08/2019
- Aprobación inicial do 06/08/2019
- Certificado publicación Portal de Transparencia e Goberno Aberto, do 03/10/2019.
- Memoria trámite audiencia 03/10/2019
- Informe da Secretaría Xeral da Igualdade, do 09/10/2019
- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, do 13/10/2019
- Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa 21/11/2019
- Informe da Asesoría Xurídica do 06/11/2019
- Memoria xustificativa dos informes recibidos e do tratamento dado ás súas observacións 27/11/2019

En virtude do exposto, emítase o presente informe de conformidade cos artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e procede solicitar o ditame do Consello Consultivo de Galicia, segundo do disposto no artigo 12.c) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Santiago de Compostela

O Secretario Xeral da Presidencia

Manuel Galdo Pérez

